

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CENTRO DE SIMULACIÓN AVANZADA DE SANTIAGO ACOLLE O PRIMEIRO CURSO EN GALICIA DE SOPORTE VITAL AVANZADO (SVA) AVALADO POLO EUROPEAN RESUSCITATION COUNCIL

- **Está organizado polo Servizo de Anestesia do CHUS, a Facultade de Medicina e a Sociedade Española de Anestesia**
- **O SVA é a atención médica proporcionada por profesionais da saúde xeralmente dentro dunha unidade de coidados críticos**

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2022.- O Centro de Simulación Avanzada de Santiago, situado no CHUS, acolle hoxe e mañá o primeiro curso en Galicia sobre o Soporte Vital Avanzado avalado polo *European Resuscitation Council*. Está organizado polo servizo de anestesia da área sanitaria de Santiago e Barbanza, pola Facultade de Medicina compostelá, pola Sociedad Española de Anestesia (SEDAR) e a European Resuscitation Council (ERC). O soporte vital avanzado (SVA) é a atención médica proporcionada por profesionais da saúde xeralmente dentro dunha unidade de coidados críticos.

Ao inicio do curso achegáronse esta mañá a xerente da área, Eloína Núñez, o xefe do Servizo de Anestesioloxía do CHUS e decano da Facultade de Medicina, Julián Álvarez, e a directora do CESIS e xefa do Servizo de Neonatoloxía do CHUS, Luz Couce.

Esta activade, dirixida a facultativos especialistas e residentes de Anestesioloxía e Reanimación, promove a formación docente de instrutores de simulación da especialidade de Anestesioloxía de todo o país e afianza o compromiso formativo do CESIS para o persoal do complexo compostelá e de todo o SERGAS.

Os obxectivos do curso son coñecer os algoritmos de Soporte Vital Avanzado e os aspectos diferenciais da contorna de quirófano e coidados críticos; así como xestionar un equipo de parada cardiorrespiratoria mediante a aplicación dos recursos dispoñibles nunha situación de crise. No transcurso das xornadas realizaranse simulacións con casos clínicos en parada cardiorrespiratoria, nos que tamén se formará na toma de decisións éticas nesta situación.

O Centro de Simulación Clínica Integral continúa así co seu labor de formación na excelencia aos profesionais sanitarios e estudantes universitarios. A súa creación supuxo un importante avance no sistema de aprendizaxe por simulación coa incorporación de alta tecnoloxía na sanidade pública compostelá.

De feito, ven de incorporar este mesmo ano nova tecnoloxía de vangarda para simulación acadando pois un investimento de preto de 800.000 euros en aparataxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nas súas aulas de simulación perinatal e médico cirúrxica, na de habilidades técnicas e no *debriefing room*, xa se formaron máis de 1.200 sanitarios (tanto presenciais como on line).

Saúdos,